

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### MOAÑA

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS*

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña aprobou provisionalmente o día 26 de maio de 2016 a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas e outros servizos urbanísticos.

Publicado o anuncio no BOPPO nº 113, do 14 de xuño, e transcorrido o prazo de 30 días hábiles para reclamacións e suxestións, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2016 e tralo ditame favorable da Comisión de Facenda e de acordo cos informes técnicos, acordou admitir a trámite as alegacións presentadas, desestimalas de acordo cos informes emitidos ao respecto, e aprobar e publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, momento no que entrará en vigor.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación do seu texto íntegro:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS**

#### *ARTIGO 1º. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUCIÓN (DEVINDICACIÓN)*

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse no Concello para a execución de calquera clase de construción, obra ou instalación; a realización das actividades técnicas e administrativas de control nos supostos en que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, así como a prestación doutros servizos urbanísticos.

2. Devíndicase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicia a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade cando se presente a solicitude, declaración responsable ou comunicación previa.



3. No caso de renuncia ou desestimación formulado pola persoa interesada, no prazo de quince días hábiles dende a presentación da solicitude, comunicación previa ou declaración responsable, terá dereito á devolución das seguintes porcentaxes sobre as cantidades aboadas:

a) No caso de solicitude de licenzas: 50%, sempre que non se teña adoptado acordo ningún ao respecto.

b) No caso de comunicacións previas ou declaracións responsables: 50%, sempre que non se teña iniciado a actividade de comprobación.

c) No resto dos supostos regulados na presente ordenanza: 50%, sempre que non se teña rematado a actividade municipal solicitada.

O estado de tramitación do expediente acreditarase mediante informe emitido polo Departamento de Urbanismo.

#### *ARTIGO 2º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES*

1. Serán suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoa físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, que presenten as solicitudes, comunicacións previas ou declaracións responsables, así como os que executen as actuacións descritas no feito impositivo sen presentar a preceptiva solicitude, comunicación previa ou declaración responsable ou sen obter a correspondente licenza.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos/as do/a contribuínte os/as construtores/as e contratistas das obras.

3. Serán responsables solidarias ou subsidiarias as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

#### *ARTIGO 3º. BASE DO GRAVAME*

1. Tomarase como base da presente exacción, en xeral, o custo real e efectivo da obra, construción e instalación.

2. A base está en función do custo real das obras ou instalacións e determinarase por:

a) O orzamento presentado polas persoas interesadas, cando resultase maior ca o obtido por aplicación dos módulos.

b) O que resulte por aplicación dos módulos de custo que figuran nesta ordenanza, tomándose como base o que supoña maior importe.



3. Para os efectos do disposto no epígrafe anterior, fíxanse os seguintes módulos de custo:

<b>EDIFICACIÓN OBRA NOVA</b>	<b>MÓDULO €/m2</b>
Vivenda unifamiliar illada	650,00
Vivendas colectivas e oficinas	500,00
Equipamentos e terciario	800,00
Adaptación de baixo para locais comerciais	450,00
Acondicionamento de almacéns e rochos	250,00
Naves industriais	260,00
Naves de almacenamento sen uso, garaxes, porches, terrazas e balcóns	250,00
<b>OBRAS MENORES OU REFORMAS</b>	<b>MÓDULO €/m2</b>
<i>PECHES</i>	
Muros de peche de arame	15,00
Muros de peche de bloque	45,00
Muros de peche de formigón	55,00
Muros de peche de pedra	50,00
Muros de peche de pedra do país serrada	80,00
<i>CUBERTA</i>	
Cuberta de tella de substitución	35,00
Cuberta de fibrocemento substitución	18,00
Cuberta de sándwich metálica 40mm	35,00
Canlón de PVC	12,00
Canlón de aluminio	20,00
Canlón de zinc ou cobre	35,00
Baixante de PVC	10,00
Baixante de aluminio	18,00
Baixante de zinc ou cobre	30,00
<i>CARPINTARÍAS</i>	
Carpintarías de aluminio ou PVC	60,00
Vidreira	25,00
Carpintaría de madeira	65,00
Porta interior de madeira	150,00
Porta de acceso de aluminio ou PVC	275,00
<i>FACHADAS E TABICARÍA</i>	
Limpeza de fachada con auga e a presión	3,50
Repicado de recibos ou xuntas	3,85
Rexuntado de muro de pedra	4,00
Tabique de ladrillo de 8 cm	12,00
Tabique de ladrillo de 12 cm	18,00
Recebos de cemento	10,00
Recebos de perliescaiola	5,00
Pintura interior	4,50
Pintura exterior	7,00
Chapado de pedra de 2,5 ou máis cm	70,00
Falso teito de escaiola	13,00



<i>BAÑOS</i>	
Substitución de bañeira	135,00
Substitución de ducha	100,00
Substitución de inodoro	90,00
Substitución de bidé	85,00
Reforma completa de baño 4 pezas	2000,00
Reforma completa de baño 2 pezas	1500,00
<i>PAVIMENTACIÓNS E AZULEXADOS</i>	
m2 de soleira de formigón	15,00
m2 de plaqueta cerámica	27,00
m2 de piso de madeira	35,00
m2 de piso de tarima flotante	24,00
m2 de azulexado con azulexo	18,00
m2 de azulexado con granito	60,00
<i>SINALIZACIÓN E PUBLICIDADE</i>	
m2 rótulo apegado	200,00
m2 rótulo voado	350,00
m2 toldos publicitarios	70,00

#### ARTIGO 4º. TARIFAS

A tarifa que hai que aplicar por cada solicitude, comunicación previa ou declaración responsable será a seguinte:

1. Obras de nova planta, ampliación, rehabilitación e conservación:
  - Edificación para vivendas unifamiliares, por unidade, en tipoloxía illada, arrimada, agrupada ou colectivas e os seus locais: 0,25%, cun mínimo de 95,00€.
  - Calquera outra obra ou edificación suxeita a licenza, comunicación previa ou declaración responsable: 0,25%, cun importe mínimo de 25,00€.
2. Solicitude de prórroga de inicio e fin de obra: 0,15%, cun importe mínimo de 35,00€.
3. Sinalamento de aliñacións e rasantes: 65,00€
4. Consulta urbanística: 35,00€
5. Taxas por planeamento
  - Autorizacións previas e outras figuras do planeamento (estudo de detalle): 1,0% do valor da actuación urbanística, cun mínimo de 250€ e un máximo de 1000€.
  - Tramitación de planeamento de desenvolvemento (plan parcial, plan especial e outras figuras de desenvolvemento de planeamento): 1,5% do valor da actuación urbanística, cun mínimo de 300€ e un máximo de 1500€.



6. Parcelacións e reparcelacións urbanísticas: 0,18 €/m<sup>2</sup>.

$P = P_m \times n \times 0,22 \text{ €/m}^2$ . non inferior a 95,00€.

P= parcelación ; P<sub>m</sub>= parcela mínima; n=nº de parcelas resultantes

7. Licenzas de 1a ocupación

7.1. Unidade de vivendas unifamiliares illadas, arrimadas e agrupadas e os seus locais complementarios:

- Vivendas de superficie construída inferior a 150 m<sup>2</sup>: 130,00€
- Vivendas de superficie construída entre 151 m<sup>2</sup> a 300 m<sup>2</sup>: 150,00€
- Vivendas de superficie construída superior a 300 m<sup>2</sup>: 200,00€

7.2. Edificios de vivendas colectivas de uso compartido con locais independentes entre si:

- Vivendas de superficie construída inferior a 150 m<sup>2</sup>: 95,00€
- Vivendas de superficie construída entre 151 m<sup>2</sup> a 300 m<sup>2</sup>: 115,00€
- Vivendas de superficie construída superior a 300 m<sup>2</sup>: 165,00€

7.3. Outros edificios de uso maioritario distinto a vivenda e locais superiores a 300 m<sup>2</sup>: 0,25%, cun importe mínimo de 200€.

8. Expedición e subministro de cartel de obra normalizado:

- Para licenzas de obra: 110,00€
- Para comunicacións previas e declaracións responsables: 20,00€

#### ARTIGO 5º. CARTEL DE OBRA

1. Para as obras que requiran de licenza urbanística, o Concello expedirá e subministrará ás persoas interesadas o cartel de obra obrigatorio normalizado que terá as seguintes características:

- a) Cartel de prolipropileno celular branco.
- b) Rotulado a dúas cores.
- c) Medidas de 750x1200x5 mm, vertical.

d) Nel figurará o escudo de Moaña e a inscrición "Concello de Moaña", ademais do núm. de licenza municipal e demais datos relativos á persoa propietaria, construtora, directora de obra, etc.



2. Para as obras que requiran de comunicación previa ou declaración responsable, o Concello expedirá e subministrará ás persoas interesadas o cartel de obra obrigatorio normalizado que terá as seguintes características:

a) Cartel de prolipropileno celular branco.

b) Rotulado a dúas cores.

c) Medidas de 375x600x5 mm, vertical.

d) Nel figurará o escudo de Moaña e a inscrición “Concello de Moaña”, ademais do número de expediente e demais datos relativos á persoa propietaria, construtora, directora de obra, etc.

#### *ARTIGO 6º. EXENCIONES E BONIFICACIONES*

##### *EXENCIONES:*

Non se concederán outras exencións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

##### *BONIFICACIONES:*

Gozarán dunha bonificación do 95% das taxas reguladas na presente ordenanza os suxeitos pasivos que se atopen en situación de emerxencia social, previamente acreditada ante os Servizos Sociais do Concello (coa documentación que sexa requirida polos mesmos) e informe favorable daqueles.

#### *ARTIGO 7º. DEVINDICACIÓN*

A exacción considérase devindicada no momento de presentarse a solicitude, declaración responsable ou comunicación previa.

O pago por parte da persoa interesada, das taxas reguladas nesta ordenanza, deberá facelo por adiantado, efectuándose para iso unha autoliquidación no momento de presentarse a solicitude, declaración responsable ou comunicación previa.



**ARTIGO 8º. NORMAS DE XESTIÓN**

1. As persoas interesadas na realización dunha obra presentarán, previamente, no Rexistro Xeral do Concello a oportuna solicitude, declaración responsable ou comunicación previa, achegando a documentación que se recolle nos modelos recollidos como anexos da ordenanza do Concello de Moaña reguladora do procedemento de tramitación de licenzas urbanísticas e outros procedementos de intervención administrativa.

2. Nas construcións de nova planta deberá facerse constar que o soar se atopa completamente expedito, sen edificación que impida a construción. No caso contrario, haberá de consignarse as edificacións que permanecerán e solicitar, previa ou simultaneamente, licenza para a demolición das construcións restantes.

3. Se despois de solicitarse a licenza respectiva ou presentarse a declaración responsable ou comunicación previa se modifícase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, achegando o novo orzamento ou o reformado e, se é o caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

4. A execución das obras queda suxeita á vixilancia, fiscalización e revisión do Concello, que a exercerá a través do seu persoal técnico e axentes. As licenzas e documentos xustificativos do pago, ou fotocopias dunhas e outras, constarán no lugar das obras mentres duren estas, para que poidan ser exhibidas a requirimento dos axentes da autoridade municipal, e facilitaraas o Concello. Nun lugar visible desde a vía pública deberá instalarse tamén o cartel de obra subministrado polo Concello.

**ARTIGO 9º. RÉXIME DO INGRESO**

1. De acordo coa potestade recoñecida no artigo 27 do TRLFL reguladora das facendas

locais, establécese o réxime de autoliquidación da taxa. Para o efecto, a persoa solicitante presentará o xustificante de ter ingresada a cota tributaria, ao mesmo tempo que presenta a solicitude, declaración responsable ou comunicación previa.

2. As persoas interesadas en obter as exencións e bonificacións establecidas nesta ordenanza solicitarano do Concello no momento de presentar a solicitude, comunicación previa ou declaración responsable, acreditando suficientemente as circunstancias que lles dean dereito á súa obtención.

3. As liquidacións iniciais terán o carácter de provisionais ata que unha vez terminadas as obras sexa comprobado pola Administración municipal o realmente feito, requirindo para iso ás persoas interesadas as correspondentes certificacións de obra e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. Na vista do resultado da comprobación, practicarase a



liquidación definitiva, deducíndose desta o importe ingresado de acordo co parágrafo primeiro, con independencia da iniciación dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

#### ARTIGO 10º. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1. Terminada a obra, antes de conceder a licenza de primeira utilización ou ocupación, o persoa técnico municipal efectuará unha inspección para comprobar se a obra se axusta ou non á licenza. Se houberse máis obra que a proxectada, liquidaranse as taxas que procedan, con independencia da iniciación dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

2. A solicitude de licenza de primeira utilización ou ocupación presentárase no modelo recollido como anexo na ordenanza do Concello de Moaña reguladora do procedemento de tramitación de licenzas urbanísticas e outros procedementos de intervención administrativa, achegándose, xunto coa a documentación que se indica naquel, a seguinte:

a) Escritura de declaración de obra nova de todas as construcións e división horizontal das que proceda.

b) Notificación da relación de compradores/as, á data de solicitude, para os efectos de alta no imposto sobre bens inmobles (IBI).

c) Informe da Inspección Técnica Municipal.

d) Carta de pagamento do ICIO e taxa municipal, e complementarias se é o caso.

3. A licenza de primeira utilización ou ocupación será indispensable para obter a conexión efectiva aos servizos de abastecemento de augas, saneamento, subministro de

enerxía eléctrica ou de gas, televisión por cable ou similares, e producirá automaticamente a alta no servizo e padrón de recollida do lixo.

4. No caso de outorgamento de licenzas para a primeira utilización ou ocupación, deberán ser notificadas:

a) Ás empresas concesionarias de servizos municipais.

b) Aos servizos de recadación do imposto sobre bens inmobles (IBI) e da taxa por recollida de lixo.





**ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

En todo o relativo á cualificación de infracción s tributarias, así como das sanción s que a estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

**DISPOSICIÓNS ADICIONAL ÚNICA**

As modificación s que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedará derogada a anteriormente vixente, aprobada polo Pleno da Corporación na data 29 de decembro de 2000.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de xullo de 2016, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Moaña, 16 de agosto de 2016.—A alcaldesa, Leticia Santos Paz.

